

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2024 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 16, do 23 de xaneiro), pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se convocan para o ano 2024.

Logo de ver as solicitudes de subvencións destinadas ao equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais polas entidades locais de Galicia e tendo en conta o cumprimento dos requisitos e trámites establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e na Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Tras finalizar a tramitación establecida nos artigos 8, 9, 10 e 11 da orde de convocatoria para as solicitudes presentadas, realizouse o procedemento de exame e valoración destas, consonte os criterios establecidos no artigo 15 da orde de convocatoria.

A competencia para resolver estas axudas corresponde á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades segundo o establecido no artigo 17 da convocatoria, na actualidade Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con motivo da aprobación da nova estrutura das consellerías, establecida nos decretos 48/2024, pola que se establecen os órganos superiores e de dirección da Xunta de Galicia, e 49/2024, pola que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

En consecuencia, e atendendo á proposta de resolución definitiva elevada pola Dirección Xeral de Cultura a partir do informe da Comisión de Valoración creada ao abeiro do artigo 14 da orde de convocatoria,



RESOLVO:

Conceder as axudas sinaladas no anexo I ás entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, por importe de 500.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 43.03.432B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

As entidades subvencionadas a que fai referencia esta resolución deberán acreditar a documentación xustificativa dos proxectos subvencionados antes do 30 de novembro do ano 2024, de acordo co establecido no artigo 23.1 da orde de convocatoria.

As solicitudes non incluídas nesta resolución entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cómpre notificarlles ás persoas interesadas esta resolución, de acordo co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de optar polo recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Elvira M^a Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude



ANEXO I

Relación de entidades e proxectos subvencionados

Núm. de expediente	NIF	Concello	Proxecto	Subvención
2024-0001	P3208000D	Taboadela	Rehabilitación da casa reitoral para creación da Casa da Cultura	22.500,00 €
2024-0002	P1508700J	Trazo	Equipamento da Biblioteca Pública Municipal	5.000,00 €
2024-0004	P2700300C	Antas de Ulla	Equipamento informático BPM	2.300,00 €
2024-0011	P2704900F	Portomarín	Instalación de ascensor para centro cultural, museo de artes e tradicións populares	22.500,00 €
2024-0012	P3604300H	Ponte Caldelas	Equipamento para a BPM de Ponte Caldelas	4.000,00 €
2024-0013	P3600600E	Cambados	Proxecto obra mellora Axencia Lectura Xacobe Castro	10.400,00 €
2024-0020	P2706700H	Viveiro	Equipamento informático BPM	1.500,00 €
2024-0024	P1507600C	Sada	Mellora das instalacións escénicas Casa da Cultura Pintor Llorens	11.500,00 €
2024-0025	P3603500D	Nigrán	Equipamento BPM	8.000,00 €
2024-0027	P1508800H	Valdoviño	Equipamentos portátiles e autofalantes	1.700,00 €
2024-0028	P3600048G	Cerdedo-Cotobade	Elevación do falso teito	19.000,00 €
2024-0029	P3202000J	O Carballiño	Mellora de equipamentos auditorio	4.500,00 €
2024-0031	P3602500E	A Lama	Posta en funcionamento de centro de Interpretación	2.200,00 €
2024-0032	P3200700G	Bande	Adquisición de equipamento para a BPM	7.400,00 €
2024-0046	P1500800F	Bergondo	Renovación equipamentos informáticos edificio sociocultural	4.900,00 €
2024-0047	P1500400E	Ares	Realización de investimentos para dotar de medidas de seguridade a biblioteca pública municipal	21.000,00 €
2024-0049	P2705400F	Riotorto	Equipamento tecnolóxico e xeral para o Centro Sociocultural Avelino Díaz	3.000,00 €
2024-0056	P3202100H	Cartelle	Instalación de equipo de climatización na biblioteca pública municipal	800,00 €
2024-0059	P1506600D	Padrón	Mellora e modernización da biblioteca municipal	18.000,00 €
2024-0060	P3605300G	Soutomaior	Investimentos de mellora na Biblioteca Pública Municipal Luis Seoane de Arcade	3.100,00 €
2024-0061	P2705200J	Ribas do Sil	Mellora dos locais culturais do Xeoparque Montañas do Courel	13.500,00 €
2024-0068	P2706000C	Taboada	Equipamento escola de música municipal	2.800,00 €
2024-0069	P3200800E	Baño de Molgas	Posta en funcionamento de sala de lectura na Casa do Concello	22.000,00 €
2024-0073	P1506000G	Ordes	Equipamento de la biblioteca pública municipal	2.500,00 €
2024-0075	P2700700D	Begonte	Posta en funcionamento escola de música municipal	13.200,00 €
2024-0079	P1508300I	Teo	Dotación equipamento Biblioteca do Grilo	1.700,00 €
2024-0080	P1504400A	Malpica de Bergantiños	Cableado estruturado do servizo internet ao auditorio do centro cívico de Malpica	2.400,00 €
2024-0087	P2704700J	A Pobra do Brollón	Novos espazos na biblioteca pública municipal	14.800,00 €
2024-0093	P2704400G	A Pastoriza	Instalación de sistemas de seguridade no centro de interpretación e castro Saa	3.100,00 €



Núm. de expediente	NIF	Concello	Proxecto	Subvención
2024-0094	P3604700I	Rodeiro	Obras de reforma e mellora da accesibilidade do Centro Cultural Manuel Lamazares	22.500,00 €
2024-0096	P2706800F	Burela	Mellora da accesibilidade e adquisición de equipamento para a Casa da Cultura	13.400,00 €
2024-0097	P1502800D	Corcubión	Posta en funcionamento de Casa Museo dentro da Casa da Cultura	6.500,00 €
2024-0101	P1509300H	Vimianzo	Equipamento auditorio de Vimianzo	19.500,00 €
2024-0102	P1506700B	O Pino	Equipamento biblioteca pública municipal	18.400,00 €
2024-0105	P1505800A	Noia	Sistema de extinción automática no arquivo municipal	15.700,00 €
2024-0106	P1502200G	Cedeira	Adquisición material de iluminación e son	8.700,00 €
2024-0107	P3604000D	Portas	Obras de reparación da cuberta	21.000,00 €
2024-0116	P2703900G	Outeiro de Rei	Mellora de accesibilidade para a posta en funcionamento a centro cultural	20.000,00 €
2024-0121	P2702400I	O Incio	Dotación de climatización para o local sociocultural do Val do Mao	5.000,00 €
2024-0128	P3605400E	Tomiño	Instalación de alarma e dotación de panos no Auditorio de Goián	11.500,00 €
2024-0129	P3206400H	A Pobra de Trives	Mellora, accesibilidade e acabados na Casa da Cultura	21.500,00 €
2024-0131	P1505600E	Neda	Subministración de equipamento na biblioteca pública municipal	19.000,00 €
2024-0133	P1504200E	A Laracha	Obras de mellora no local de usos culturais (Centro Sociocultural Paiosaco)	7.500,00 €
2024-0135	P1504100G	Laxe	Melloras de accesibilidade, acondicionamento e do equipamento técnico da biblioteca pública municipal	5.000,00 €
2024-0140	P3203100G	Entrimo	Creación Aula TIC na biblioteca pública municipal	19.500,00 €
2024-0142	P1503300D	Dodro	Melloras accesibilidade nos aseos da Casa da Cultura	16.000,00 €

